Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOP
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
D.L.: C-1-1958
LUNS, 2 DE OUTUBRO DE 2023 LUNES, 2 DE OCTUBRE DE 2023 | BOP NÚMERO 188

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### PORTO DO SON

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

**Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno Local, del 15/09/2023, por el que se aprueba la convocatoria de las ayudas escolares del Ayuntamiento de Porto do Son 2023-2024**

**BDNS (Identif.): 718553**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/718553)

**Primero. Objeto**

El objecto de las ayudas se diferencia en cuatro lineas de subvención:

Ayudas para material escolar, destinadas a financiar el costo de adquisición de los libros de texto y material escolar del alumnado matriculado en Educación Infantil.

Ayudas para transporte escolar, destinadas a financiar los costes de desplazamiento del alumnado matriculado en estudios de Bachiller, Formación Profesional o enseñanzas universitarias.

Ayudas de conciliación, destinadas a financiar medidas que se lleven a cabo en el ámbito de los centros escolares para favorecer la conciliación de la vida familiar y laboral de familias con menores que cursen Educación Infantil, Educación Primaria y Secundaria: comedor escolar y/o aula madrugadores.

**Segundo. Personas Beneficiarias (requisitos)**

1. Tendrán la consideración de personas beneficiarias de las subvenciones de esta convocatoria, las personas físicas que hayan de realizar la actividad que fundamente su otorgamiento o que se encuentren en la situación que legitima su concesión. En concreto que cumplan los siguientes requisitos:

a) Estar empadronada/o en el Ayuntamiento de Porto do Son.

b) Con carácter general, estar matriculada/o para cursar estudios en centros de enseñanza oficiales en el curso escolar 2023-24, excepto para la línea de conciliación.

c) Con carácter específico:

- Línea “material escolar”: cursar estudios de Educación Infantil.
- Línea “transporte escolar”: cursar estudios de Bachillerato, Formación Profesional o enseñanzas universitarias que no se presten en el termino municipal de Porto do Son.
- Línea “conciliación”:

Cursar estudios de educación infantil, educación primaria o secundaria.

Que hubiesen sido usuarias/os en el ámbito escolar de un servicio de comedor y/o aula madrugadores en el curso escolar 2022-23.

Que ambas/os representantes legales o representante legal en el caso de familia monoparental del/a menor, estén trabajando o realizando formación presencial con la finalidad de una futura inserción laboral (formación reglada o formación ocupacional a través del Servicio Público de Empleo) con una carga lectiva de, cuando menos, 5 horas diarias con una duración mínima de tres meses durante el período lectivo escolar o tengan una discapacidad reconocida igual o superior al 65 %.

En el caso de progenitores separados o en vías de separación con cargas familiares compartidas se tendrá en cuenta la ocupación de ambos progenitores y que, en todo caso, el/a solicitante cumpla algún supuesto de los anteriormente citados.

2. Las personas beneficiarias de las ayudas que se regulan en esta ordenanza tendrán las siguientes obligaciones:

a) Realizar la actividad que constituye el objecto de la subvención.

Número de anuncio 2023/7710

b) Someterse a la actividad de control del ayuntamiento destinada a comprobar la veracidad de los actos consignados en la documentación presentada, así como el cumplimiento de los requisitos para la percepción de la ayuda y colaborar con el ayuntamiento en dichas actuaciones.

c) Estar al corriente de sus obligaciones fiscales, así como con la Seguridad Social y no ser deudor/a por resolución de procedencia de reintegro de otra subvención. En el caso de las personas menores de edad, la obligación vendrá referida a las personas tutoras legales.

d) Comunicar ante el ayuntamiento la modificación en las circunstancias exigidas para la concesión de la ayuda, de ser el caso.

e) Las restantes previstas en la normativa reguladora de subvenciones.

**Tercero. Bases reguladoras**

Las bases reguladoras de estas ayudas están contenidas en la Ordenanza por la que se establecen las bases reguladoras del otorgamiento de las ayudas escolares del Ayuntamiento de Porto do Son, publicada en el BOP núm. 276, del 14.09.2012, con las modificaciones publicadas en el BOP núm. 174, del 12.09.2014, y en el BOP núm. 171 del 8.09.2022 entrada en vigor el 27.09.2022.

**Cuarto. Cuantía**

1) Línea de material escolar: El importe de la subvención vendrá dado por la aplicación de una porcentaje al importe total del gasto justificado. Dicha porcentaje se calculará en función del nivel de renta de la unidad familiar, de acuerdo con el siguiente baremo:

RENTA PER CÁPITA MENSUAL

% SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Hasta 350 €/mes

100%

Ingresos superiores a 350 € y hasta 600 €/mes

50%

Ingresos superiores a 600 €/mes

0 %

2) Línea de transporte escolar: El importe de las ayudas se determinará como un importe fijo en función de la renta de la unidad familiar, de acuerdo con el siguiente baremo:

RENTA PER CÁPITA

IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Hasta 350 €/mes

300 € por alumna/o

Ingresos superiores a 350 € hasta 450 €/mes

200 € por alumna/o

Ingresos entre 450 € hasta 600 €/mes

100 € por alumna/o

Ingresos superiores a 600 €/mes

0 %

3) Línea de conciliación: El importe de las ayudas se determinará como un importe fijo en función de la renta de la unidad familiar, de acuerdo con el siguiente baremo:

RENTA PER CÁPITA

IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Hasta 500 €/mes

300 € por alumna/o

Ingresos superiores a 500 € hasta 700 €/mes

Número de anuncio 2023/7710

200 € por alumna/o

Ingresos superiores a 700 €/mes

0 %

**Quinto. Lugar y plazo de presentación de solicitudes**

El plazo para la presentación de solicitudes será de diez (10) días hábiles a partir de la publicación de la convocatoria.

Las solicitudes se presentaran en el Registro General del Ayuntamiento de Porto do Son o en alguna de las formas establecidas en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común, y serán firmadas por la persona que tenga la condición de beneficiario/a, de acuerdo con el artículo 5 de esta convocatoria.

**Sexto. Otros datos**

La justificación de las ayudas otorgadas al amparo de la línea ¿transporte escolar¿ no requerirá más que de la presentación de la documentación enumerada en el artículo 6 de esta convocatoria.

Tratándose de ayudas concedidas al amparo de la línea ¿material escolar¿ y ¿conciliación¿ la justificación se entenderá realizada con la presentación de la factura de los gastos realizados y el justificante de pago, a unir a la solicitud, de acuerdo con el artículo 6 de esta convocatoria.

En Porto do Son

27/9/2023

El Alcalde,

José Luis Oujo Pouso

**Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local, do 15/09/2023, polo que se aproba a convocatoria das axudas escolares do Concello de Porto do Son 2023-2024**

**BDNS (Identif.):718553**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/718553)

**Primeiro. Obxecto**

O obxecto das axudas diferénciase en catro liñas de subvención:

Axudas para material escolar, destinadas a financiar o custo de adquisición dos libros de texto e material escolar do alumnado matriculado en Educación Infantil.

Axudas para transporte escolar, destinadas a financiar os custos de desprazamento do alumnado matriculado en estudos de Bacharelato, Formación Profesional ou ensinanzas universitarias.

Axudas de conciliación, destinadas a financiar medidas que se leven a cabo no ámbito dos centros escolares para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral de familias con menores que cursen Educación Infantil, Educación Primaria e Secundaria: comedor escolar e/ou aula madrugadores.

**Segundo. Persoas Beneficiarias (requisitos)**

1. Terán a consideración de persoas beneficiarias das subvencións desta convocatoria, as persoas físicas que haxan de realizar a actividade que fundamente o seu outorgamento ou que se atopen na situación que lexitima a súa concesión. En concreto que cumpran os seguintes requisitos:

a) Atoparse empadroada/o no Concello de Porto do Son.

b) Con carácter xeral, estar matriculada/o para cursar estudos en centros de ensino oficiais no curso escolar 2023-24, excepto para a liña de conciliación.

c) Con carácter específico:

- Liña “material escolar”: cursar estudos de Educación Infantil.
- Liña “transporte escolar”: cursar estudos de Bacharelato, Formación Profesional ou ensinanzas universitarias que non se presten no termo municipal de Porto do Son.
- Liña “conciliación”:

Número de anuncio 2023/7710

Cursar estudos de educación infantil, educación primaria ou secundaria.

Que fosen usuarias/os no ámbito escolar dun servizo de comedor e/ou aula madrugadores no curso escolar 2022-23.

Que ambas/os representantes legais ou representante legal no caso de familia monoparental da/o menor, estean traballando ou realizando formación presencial coa finalidade dunha futura inserción laboral (formación regrada ou formación ocupacional a través do Servizo Público de Emprego) cunha carga lectiva de, cando menos, 5 horas diarias cunha duración mínima de tres meses durante o período lectivo escolar ou teñan unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65 %.

No caso de proxenitores separados ou en vías de separación con cargas familiares compartidas terase en conta a ocupación de ambos proxenitores e que, en todo caso, o/a solicitante cumpra algún suposto dos anteriormente citados.

2. As persoas beneficiarias das axudas que se regulan nesta ordenanza terán as seguintes obrigas:

a) Realizar a actividade que constitúe o obxecto da subvención.

b) Someterse á actividade de control do concello destinada a comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co concello en ditas actuacións.

c) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais, así como coa Seguridade Social e non ser debedor/a por resolución de procedencia de reintegro doutra subvención. No caso das persoas menores de idade, a obriga virá referida ás persoas titores legais.

d) Comunicar ante o concello a modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda, de ser o caso.

e) As restantes previstas na normativa reguladora de subvencións.

**Terceiro. Bases reguladoras**

As bases reguladoras destas axudas están contidas na Ordenanza pola que se establecen as bases reguladoras do outorgamento das axudas escolares do Concello de Porto do Son, publicada no BOP núm. 276, do 14.09.2012, coas modificacións publicadas no BOP núm. 174, do 12.09.2014, e no BOP núm. 171 do 8.09.2022 entrada en vigor o 27.09.2022.

**Cuarto. Contía**

1) Liña de material escolar: O importe da subvención virá dado pola aplicación dunha porcentaxe ao importe total do gasto xustificado. A dita porcentaxe calcularase en función do nivel de renda da unidade familiar, de acordo co seguinte baremo:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL

% SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Ata 350 €/mes

100%

Ingresos superiores a 350 € e ata 600 €/mes

50%

Ingresos superiores a 600 €/mes

0%

2) Liña de transporte escolar: O importe das axudas determinarase como un importe fixo en función da renda da unidade familiar, de acordo co seguinte baremo:

RENDA PER CÁPITA

IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Ata 350 €/mes

300 € por alumna/o

Ingresos superiores a 350 € ata 450 €/mes

200 € por alumna/o

Ingresos entre 450 € ata 600 €/mes

100 € por alumna/o

Ingresos superiores a 600 €/mes

0 %

Número de anuncio 2023/7710

3) Liña de conciliación: O importe das axudas determinarase como un importe fixo en función da renda da unidade familiar, de acordo co seguinte baremo:

RENDA PER CÁPITA

IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Ata 500 €/mes

300 € por alumna/o

Ingresos superiores a 500 € ata 700 €/mes

200 € por alumna/o

Ingresos superiores a 700 €/mes

0 %

**Quinto. Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

O prazo para a presentación de solicitudes será de dez (10) días hábiles partir da publicación da convocatoria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son ou nalgunha das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e serán asinadas pola persoa que teña a condición de beneficiario/a, de acordo co artigo 5 da convocatoria.

**Sexto. Outros datos**

A xustificación das axudas outorgadas ao abeiro da liña ¿transporte escolar¿ non requirirá máis que da presentación da documentación enumerada no artigo 6 desta convocatoria.

Tratándose de axudas concedidas ao abeiro da liña ¿material escolar¿ e ¿conciliación¿ a xustificación entenderase realizada coa presentación da factura dos gastos realizados e o xustificante de pago, a unir á solicitude, de acordo co artigo 6 desta convocatoria.

En Porto do Son

27/9/2023

O Alcalde,

José Luis Oujo Pouso

2023/7710